

PROCEDIMIENTO A SEGUIR NAS PRÁCTICAS EN DEPENDENCIAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA CONVERTELAS EN CURRICULARES

- 1) Este alumnado deberá cumprir os mesmos requisitos que os/as alumnos/as FUVI:
 - a) No momento de iniciar as prácticas, superar o 50% dos créditos da titulación e o 50% dos créditos obrigatorios da súa especialidade.
 - b) Estas prácticas poden ser curriculares e teñen un peso de 6 ao 12 ECTS, que se corresponden con 150 ou 240 horas de traballo presencial na empresa, respectivamente e como mínimo.
 - c) Si ademais o alumnado realiza o TFG na empresa deberá facer 150 h adicionais, como mínimo.
- 2) Deberán enviar ao/a coordinador/a de prácticas unha copia do documento “Acordo interno para a realización de prácticas externas” antes do 10 de xullo de cada ano, para que se lles autorice a matricularse das materias de prácticas do curso seguinte.
- 3) O finalizar as prácticas, os/as alumnos/as deberán entregar ao/a coordinador/a de prácticas a seguinte documentación:
 - a) Memoria das prácticas asinada polo/a alumno/a e con visto de praxe do/a titor/a do traballo nas dependencias da Universidade de Vigo.
 - b) Cuestionario de avaliación (Documento D5) cuberto polo/a titor/a do traballo nas dependencias da Universidade de Vigo.
 - c) Cuestionario de avaliación do/a alumno/a (Documento D6).
- 4) A documentación á que se refire o punto anterior deberá ser entregada nos seguintes prazos:
 - a) Antes do 30 de novembro de cada ano, se se pretende que a nota figure nas actas do 1º cuatrimestre.
 - b) Antes do 30 de xuño de cada ano, se se pretende que a nota figure nas actas de xullo.
- 5) A CAG decide se procede ou non a transformación das prácticas extracurriculares realizadas nas dependencias da Universidade de Vigo en curriculares e a nota das mesmas.